

## Concello de Viveiro

---

### **ACTA DA XUNTA DE GOBERNO**

### **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA CINCO DE XUÑO DE 2017. EXPTE. 3330/2017.**

#### **ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCÍA  
D<sup>a</sup>. MARIA ISABEL RODRÍGUEZ LÓPEZ  
D. JESUS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ  
D<sup>a</sup>. LARA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA

#### **SECRETARIA XERAL:**

D<sup>a</sup>. MARILUZ Balsa RÁBADE

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 13:30 do día 5 de xuño de 2017, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Xeral, María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusan verbalmente a súa asistencia os concelleiros D. Jesus Antonio Fernández Cal e D. Emilio Villarrea Méndez. Non asisten á presente sesión a Interventora Municipal nin o Interventor por delegación.

Á hora sinalada para este acto pola Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

#### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 29-05-17.**

Non existindo ningunha obxección ó respecto procédese á aprobación da acta da sesión celebrada o día 29 de maio de 2017.

#### **2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DICTADAS POR AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS.**

---

Concello de Viveiro



## Concello de Viveiro

---

### **RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.- EXPTE. 3393/2017.-**

Por parte da Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Loureiro García, dáse conta das Resolucións feitas pola Alcaldía mediante a avocación de competencias delegadas na Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Darse por informada dos Decretos ditados pola Alcaldía por avocación de competencias, entendendo que en tódolos casos existía motivación suficiente da urxencia para a súa realización.

### **3.- SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.**

#### **EXPTE. 3377/2017.-**

Visto o escrito da Excma. Deputación de Lugo, donde se sinala que na aprobación definitiva dos Orzamentos Xerais da Excma. Deputación de Lugo para o ano 2017. (BOP nº 83, de abril de 2017) onde se recolle unha Subvención directa nominativa a favor do Concello de Viveiro para a realización de "Aportación Conservatorios " por un importe de 15.000,00 euros.

Visto o escrito presentado pola Directora do Centro de Información ás Mulleres de Viveiro para a solicitude de referida subvención, cos condicionantes establecidos na referida orde, indicando que a Xunta de Goberno Local debe adoptar acordo sobre os seguintes puntos:

- Solicitar a subvención directa nominativa para a acción denominada "Aportación Conservatorios ".
- Recoñecer a identidade do/a representante do Concello.
- Facultar a Alcaldesa para suscribir a solicitude da subvención para o proxecto mencionado en virtude da normativa que corresponda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Solicitar a subvención directa nominativa para a acción denominada "Aportación Conservatorios", segundo o escrito da Excma. Deputación de Lugo ao abeiro da aprobación definitiva da Deputación Provincial de Lugo.

Segundo.- Autorizar a D<sup>a</sup>. María Loureiro García, como Alcaldesa do Concello de Viveiro para proceder á solicitude de dita subvención e á realización dos trámites necesarios para levar a efecto o acordado no punto primeiro.

---

### **Concello de Viveiro**

## Concello de Viveiro

---

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo á Directora do Centro de Información ás Mulleres e Viveiro, para a súa tramitación.

### **EXPTE. 3405/2017.-**

Vista a ORDE do 9 de maio de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación de risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2017.

Visto o escrito presentado pola Directora do Centro de Información ás Mulleres para a aprobación do proxecto presentado polo departamento de subvencións para solicitar a referida subvención, cos condicionantes establecidos na referida orde, indicando que a Xunta de Goberno Local debe adoptar acordo sobre os seguintes puntos:

- A representación que desempeña a persoa que asina a solicitude (Alcaldesa).
- Aprobación do seguinte proxecto de obra e servizo para a solicitude de dita subvención :

| OBRA OU SERVIZO                    | Nº DE TRABALLADORES      |
|------------------------------------|--------------------------|
| Revalorización de espazos públicos | - 1 capataz<br>- 9 peóns |

- Aprobación da solicitude de subvención para o antedito proxecto.
- Aprobación da existencia de financiamento para as partidas orzamentarias que non sexan financiadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.
- Acordo para aplicar aos traballadores desempregados contratados o rexime retributivo establecido para o persoal ao servizo do sector público na Lei 48/2015 de presupostos xerais do Estado para o ano 2016 publicado no BOE do 30 de outubro de 2015.

Visto o informe do Departamento de Intervención, no que se manifesta que os custos salariales non subvencionables que este Concello poñerá disposición de financiamento séran, a indemnización prevista polo artigo 49.1,c do Estatuto dos Traballadores e aqueles que non formen parte da base de cotización. As aplicacións orzamentarias previstas no exercicio 2017 serán (2417.131) e (2417.16000).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Solicitar a subvención ao abeiro da ORDE do 9 de maio de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación de risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o



## Concello de Viveiro

---

ano 2017,segundo o establecido nos puntos seguintes.

Segundo.- Autorizar a D<sup>a</sup>. María Loureiro García, como Alcaldesa do Concello de Viveiro para proceder á solicitude de dita subvención e á realización dos trámites necesarios para levar a efecto o acordado no punto primeiro.

Terceiro.- Aprobar o seguinte proxecto de obra e servizo para a solicitude de dita subvención.

| OBRA OU SERVIZO                    | Nº DE TRABALLADORES      |
|------------------------------------|--------------------------|
| Revalorización de espazos públicos | - 1 capataz<br>- 9 peóns |

Cuarto.- Aprobar a solicitude de subvención para o antedito proxecto.

Quinto.- Aprobar a existencia de financiamento para as partidas orzamentarias que non sexan financiadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Sexto.- Aplicar aos traballadores desempregados contratados o rexime retributivo establecido para o persoal ao servizo do sector público na Lei 48/2015 de presupostos xerais do Estado para o ano 2016 publicado no BOE do 30 de outubro de 2015.

Sétimo.- Dar traslado do presente acordo á Directora do Centro de Información ás Mulleres de Viveiro, para a súa tramitación.

### **4.- RECOÑECIMIENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.**

#### **EXPTE. 2979/2017.-**

Vista a relación de obrigas correspondente ao expte 2979/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención en data 9 de maio de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por **Viesgo Energía SL**, por un importe total de **845,64 €**, que constan no expediente **2979/2017**.

Vista a Resolución de Alcaldía de data 22/05/2017, mediante a cal se levanta o reparo suspensivo formulado sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local que constan no expediente 2979/2017 e vista a Resolución de Alcaldía de data 29/05/2017 de corrección de erros da anterior.

Resultando que, mediante as Resolucions referidas, por parte de Alcaldía se procedeu ao levantamento do reparto formulado pola Intervención, en base aos seguinte:

---

### Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

---

*“Tendo en conta que no informe referido, por parte da Intervención, se indica que:*

*“1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de 845,64 €.*

*2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.”*

*Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na disconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ter unha duración superior a un ano sendo gastos periódicos e repetitivos, e por non existir contrato administrativo vixente segundo se deduce das resolucións de levantamentos de reparo de facturas enerxía eléctrica expedientes Aldro (III) e Xenera (I) asinadas en data 12 de abril de 2017.*

*Tendo en conta que o listado de obrigas reparadas se corresponde con facturas da empresa Viesgo Energía SL, referidas ao subministro de enerxía eléctrica, e que por parte da Intervención Municipal (noutro expediente de facturas de enerxía eléctrica) se indicou que, ao non ter cabida como contrato menor, debería tramitarse un procedemento aberto con concorrencia e publicidade.*

*Resultando que neste Concello non se conta con ningún expediente de contratación realizado para ningún dos subministros de enerxía eléctrica existentes, entendendo, polo tanto, que debería procederse á realización dun expediente de contratación aberto, con concorrencia e publicidade, que abrangan todos os subministros existentes.*

*Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:*

*I. Que o artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.*

*II. Tendo en conta a necesidade de realización dun expediente de contratación para a totalidade de subministros de enerxía eléctrica existentes.*

*III. Tendo en conta que a enerxía eléctrica constitúe un subministro indispensable para o funcionamento do concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se leve a cabo o oportuno expediente de contratación, é preciso manter os contratos vixentes.*

*IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.*

*Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN:*

*1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV.”*

Resultando que pola Alcaldía, mediante resolución de data 3 de xullo de 2015 se acordou delegar na XGL a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención á mesma, foi levantado pola Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente **2979/2017**.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

## Concello de Viveiro

---

### EXPTE. 3143/2017.-

Vista a relación de obrigas correspondente ao expte 3143/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención en data 19 de maio de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por **Aldro Energía y Soluciones SL**, por un importe total de **8.870,02 €**, que constan no expediente **3143/2017**.

Resultando que en data 24 de maio de 2017, por parte de Alcaldía se procedeu ao levantamento do reparo formulado pola Intervención, en base aos seguinte:

*“Tendo en conta que no informe referido, por parte da Intervención, se indica que:*

*“1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de 8.870, 02 €.*

*2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.”*

*Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na disconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ter unha duración superior a un ano sendo gastos periódicos e repetivos, e por non existir contrato administrativo vixente segundo se deduce das resolucións de levantamento de reparo de facturas enerxía eléctrica expedientes Aldro (III) e Xenera (I) asinadas en data 12 de abril de 2017.*

*Tendo en conta que o listado de obrigas reparadas se corresponde con facturas da empresa Aldro Energía y Soluciones SL, referidas ao subministro de enerxía eléctrica, e que por parte da Intervención Municipal (noutro expediente de facturas de enerxía eléctrica) se indicou que, ao non ter cabida como contrato menor, debería tramitarse un procedemento aberto con concorrencia e publicidade.*

*Resultando que neste Concello non se conta con ningún expediente de contratación realizado para ningún dos subministros de enerxía eléctrica existentes, entendendo, polo tanto, que debería procederse á realización dun expediente de contratación aberto, con concorrencia e publicidade, que abranga todos os subministros existentes.*

*Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:*

*I. Que o artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.*

*II. Tendo en conta a necesidade de realización dun expediente de contratación para a totalidade de subministros de enerxía eléctrica existentes.*

*III. Tendo en conta que a enerxía eléctrica constitúe un subministro indispensable para o funcionamento do concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se leve a cabo o oportuno expediente de contratación, é preciso manter os contratos vixentes.*

*IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.*

*Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN:*

*1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV.”*

Resultando que pola Alcaldía, mediante resolución de data 3 de xullo de 2015 se acordou delegar na XGL a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran

## Concello de Viveiro

---

fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención á mesma, foi levantado pola Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente **3143/2017**.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

### **EXPTE. 3145/2017.-**

Vista a relación de obrigas correspondente ao expte 3145/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención en data 19 de maio de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por **Gas Natural S.U.R. SDG S.A.**, por un importe total de **8.513,26 €**, que constan no expediente **3145/2017**.

Resultando que en data 24 de maio de 2017, por parte de Alcaldía se procedeu ao levantamento do reparo formulado pola Intervención, en base aos seguinte:

*“Tendo en conta que no informe referido, por parte da Intervención, se indica que:  
“1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de 8.513, 26€.  
2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.”*

*Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na disconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ter unha duración superior a un ano sendo gastos periódicos e repetivos, e por non existir contrato administrativo vixente segundo se deduce das resolucións de levantamento de reparo de facturas enerxía eléctrica expedientes Aldro (III) e Xenera (I) asinadas en data 12 de abril de 2017.*

*Tendo en conta que o listado de obrigas reparadas se corresponde con facturas da empresa Gas Natural S.U.R. SDG S.A., referidas ao subministro de enerxía eléctrica, e que por parte da Intervención Municipal (noutro expediente de facturas de enerxía eléctrica) se indicou que, ao non ter cabida como contrato menor, debería tramitarse un procedemento aberto con concorrencia e publicidade.*

*Resultando que neste Concello non se conta con ningún expediente de contratación realizado para ningún dos subministros de enerxía eléctrica existentes, entendendo, polo tanto, que debería procederse á realización dun expediente de contratación aberto, con concorrencia e publicidade, que abrangan todos os subministros existentes.*

*Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:*

---

## Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

---

*I. Que o artigo 217 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.*

*II. Tendo en conta a necesidade de realización dun expediente de contratación para a totalidade de subministros de enerxía eléctrica existentes.*

*III. Tendo en conta que a enerxía eléctrica constitúe un subministro indispensable para o funcionamento do concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se leve a cabo o oportuno expediente de contratación, é preciso manter os contratos vixentes.*

*IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.*

*Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN:*

*1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV.”*

Resultando que pola Alcaldía, mediante resolución de data 3 de xullo de 2015 se acordou delegar na XGL a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención á mesma, foi levantado pola Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente **3145/2017**.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

### **5.- PROPOSTAS DE GASTOS.**

Vistas as propostas de gasto presentadas polos Concelleiros, coa fiscalización previa de conformidade pola Intervención, certificando a existencia de crédito, cos números de expedientes: EXPTE. 3285/2017.- EXPTE. 3235/2017.- EXPTE. 3233/2017.- EXPTE. 3231/2017.- EXPTE. 3206/2017.- EXPTE. 3205/2017.- EXPTE. 3202/2017.- EXPTE. 2071/2017.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a autorización dos referidos gastos.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Intervención e ós concelleiros proponentes das propostas de gasto aprobadas.

### **6.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.**



## Concello de Viveiro

---

### **EXPTE. 1001/2017.- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DO CONTRATO “REPOSICIÓN DE FIRME Y MEJORA DE LOS SERVICIOS URBANOS EN LOS VIALES DE ACCESO AL COLEGIO Y A LA IGLESIA PARROQUIAL DE COVAS - VIVEIRO”.**

Visto o Plan de Seguridade e Saúde presentado pola empresa “Carferlo, S.L.” referente á obra “Reposición de firme y mejora de los servicios urbanos en los viales de acceso al colegio y a la iglesia parroquial de Covas - Viveiro”.

Visto o informe favorable a este Plan de Seguridade e Saúde emitido pola arquitecta técnica, como coordinadora de seguridade e saúde durante a execución dos traballos do proxecto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Prestar aprobación ó Plan de Seguridade e Saúde presentado por “Carferlo, S.L.”, referente á obra “Reposición de firme y mejora de los servicios urbanos en los viales de acceso al colegio y a la iglesia parroquial de Covas - Viveiro”.

Segundo.- Notificar este acordo ó Servizo de Contratación para a súa notificación ó interesado.

### **7.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

#### **EXPTE. 4351/2016.- DEVOLUCIÓN DE AVAL.**

Vista a solicitude de D. José Enrique Paleo Rodríguez, en calidade de administrador da Sociedade Mercantil “HERRAMIENTAS FERPA, S.L.” con domicilio a efectos de notificación na Avda. Benito Galcerán, nº 30-baixo, en Viveiro, de devolución da fianza depositada no seu día por importe de 4.500,00 euros, en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público á hora de realizar as obras de construción, así como 1.800,00 euros para garantir os servizos urbanísticos pendentes no Parque Empresarial de Landrove, en relación coa licenza de obra URB/18/2015.

Visto o informe emitido polo vixiante urbanístico, no que se sinala que persoado no Parque Empresarial de Landrove, a nave, os servizos urbanísticos e o espazo público quedaron en perfectas condicións, podendo devolver a fianza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Proceder á devolución da fianza depositada por D. José Enrique



## Concello de Viveiro

---

Paleo Rodríguez, en calidade de administrador da Sociedade Mercantil "HERRAMIENTAS FERPA, S.L.", por importe de 4.500,00 euros, en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público á hora de realizar as obras de construción, así como 1.800,00 euros para garantir os servizos urbanísticos pendentes no Parque Empresarial de Landrove, en relación coa licenza de obra URB/18/2015.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Tesourería para proceder á súa devolución e notificación ao interesado.

### **8.- ROGOS E PREGUNTAS.**

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 14:15 horas do día 05 de xuño de 2017, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.